

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de maio de dos mil vinte e tres, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.
2. Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Mellora e renovación da iluminación do Parque Rosalía de Castro e Costas do Parque, Lugo” incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C002/000005.
3. Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación “Aprende xogando” do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade - Servizo de Igualdade) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C003/000011.
4. Acórdase o alleamento por venda directa de parcela sobrante na avenida Marqués de Ombreiro números 12, 14, 16 e 18.
5. Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra renovación eléctrica del interior del Pabellón

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3136806992235363527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26-5-2023

Municipal de Deportes (Lugo) incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C002/000006.

6. Acórdase a aprobación do prego técnico e prego cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto regulación armonizada da contratación suministro, instalación e mantemento dispositivos electrónica de rede para Concello Lugo dentro de estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño código proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro coa financiación do 80% e a apertura procedemento adxudicación. exp. ref.2023/C004/000020.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local en funcións, don Miguel Fernández Méndez.